



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

NORMAS DE USO DA “SALA DE INVESTIGADORES/AS PREDOUTORAIS” DA FACULTADE DE DEREITO (UDC)

A Facultade de Dereito da UDC dispón dunha Sala destinada a investigadores/as que estanse a dedicar, como actividade principal, á realización da súa Tese de Doutoramento, e, asemade, a investigadores/as que se atopan nunha fase de investigación postdoutoral. Nesta Sala tamén poderanse situar investigadores/as estranxeiros/as que desenvolvan unha estadía nesta Universidade con fines de investigación. A utilización da Sala de Investigadores/as Predoutorais está prevista para os casos nos que na propia Área de coñecemento á que se vincula o/a investigador/a non exista espazo suficiente para asignarlle un posto de traballo.

O/a investigador/a deberá presentar na Secretaría do Decanato unha solicitude de ocupación dun posto na Sala de Investigadores Predoutorais, e, tendo en conta a limitación do número de postos da dita Sala (12 neste momento), a prioridade para a súa ocupación, a partir do momento no que quede libre unha mesa e respectando o lugar e os dereitos adquiridos polos/as investigadores/as que xa se atopen na Sala no momento de entrada da solicitude, será a asignada tendo en conta os seguintes **criterios**:

1. Será necesario que o/a investigador/a presente un documento asinado polo director/a da súa Tese de Doutoramento, no que se acredite que existe unha dedicación de, cando menos, 35 horas semanais á realización da Tese, e que non existe espazo suficiente nos despachos ou nos espazos comúns da Área correspondente, para a asignación dun lugar de traballo axeitado ao/a investigador/a.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

2. Os/as investigadores/as postdoutorais terán preferencia sobre os/as investigadores/as estudantes de doutorado.
3. En todo caso, terán preferencia os/as investigadores/as que teñan unha vinculación coa Universidade da Coruña, como bolseiros de investigación (con bolsas obtidas en convocatorias públicas e competitivas) ou como contratados.
4. Entre os investigadores/as e/ou bolseiros/as predoutorais terán preferencia os/as investigadores/as que teñan rematados os créditos dun Mestrado Universitario de Posgrao necesarios para matricularse no Doutoramento, e que, tendo sido admitidos/as nalgún dos Programas de Doutoramento existentes na Facultade de Dereito, se encontren na fase de realización da Tese de Doutoramento.

As posibles situacións especiais que non se axusten aos anteriores criterios serán resoltas pola Comisión Permanente, delegada da Xunta de Facultade, tendo que ser previamente informadas e oídas calquera das posibles persoas afectadas. Esta Comisión tamén será a competente para decidir a posible retirada de autorización de uso do posto de traballo en caso de ausencias prolongadas do/a investigador/a (superiores a catro meses), a non ser que veñan xustificadas pola realización de estadías de investigación fóra da Universidade da Coruña ou por outros motivos igualmente xustificadas. En calquera dos casos, o/a investigador/a afectado/a deberá ser previamente informado/a e oído/a.

Esta normativa foi obxecto de aprobación pola Xunta de Facultade celebrada o día

11 de xullo de 2014.



Asdo.: JOSÉ MANUEL BUSTO LAGO
Decano